

	POLÍTICA DE CALIDADE DA ACSUG	Anexo 1 MC Pág. 1 de 2 <hr/> Edición: 8A Data: 31/01/24
---	--------------------------------------	--

A ACSUG ten a misión fundamental de promover e de velar pola garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

A ACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior.

A dirección da ACSUG, consciente da importancia de realizar os servizos dunha forma máis eficiente e de satisfacer as necesidades dos seus clientes e usuarios, decide levar a cabo a implantación dun sistema de xestión da calidade, segundo a norma ISO 9001.

A dirección da ACSUG comprométese a establecer anualmente un programa de obxectivos de calidade e a velar polo seu cumprimento, tomando como referencia esta política. Estes obxectivos permiten á axencia mellorar de maneira continuada a eficacia dos servizos prestados aos clientes e aos seus usuarios.

As directrices xerais relacionadas co sistema de xestión son as seguintes:

- 1) Establecer unha sistemática documentada para asegurar o logro dos resultados previstos nos distintos procesos levados a cabo pola ACSUG.
- 2) Asegurar o cumprimento de todos os requisitos legais e outros requisitos que sexan de aplicación.
- 3) Establecer un programa de formación continua que asegure a competencia do persoal e posibilite a mellora do desempeño do sistema de xestión.
- 4) Analizar a información, tanto a propia como a recollida dos clientes e usuarios, para previr erros, mellorar a prestación dos servizos e asegurar a plena satisfacción en relación aos mesmos.

	POLÍTICA DE CALIDADE DA ACSUG	Anexo 1 MC Pág. 2 de 2
		Edición: 8A Data: 31/01/24

- 5) Manter un sistema de comunicación fluído co seu persoal, cos clientes da axencia e con outros grupos de interese co obxecto de garantir a transparencia do Sistema de Xestión e asegurar o intercambio de información relativa ao mesmo.

A eficacia e aplicación do Sistema de Xestión da ACSUG é responsabilidade directa da súa dirección. No seu nome e representación noméase un Responsable de Calidade, que, en colaboración directa co persoal da axencia, supervisa a implantación, desenvolvemento e mantemento do sistema de xestión, avalía a súa adecuación e aplicación correcta, identifica problemas, verifica a súa eficacia e coordina as actividades con influencia nos servizos.

Esta política é revisada periodicamente nas reunións do Consello de Dirección da ACSUG e comunicada a todo o persoal cunha actividade directa ou indirectamente relacionada co sistema de xestión, estando a disposición dos usuarios e público en xeral no taboleiro de novas e na páxina Web.

Firmado.: José Eduardo López Pereira, Director de ACSUG

